

# MISA CON NENOS

## 13 de abril de 2025

## Semana Santa-C-Domingo de Ramos

**Lucas 19,28-40: "*Bendito o que vén no nome do Señor*".**

**Mensaxe: Aclama a Xesús con ramos, acompáñao nas paixóns**




## 1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: O Domingo de Ramos é a porta de entrada da Semana Santa. Nós cremos en Xesús e neste domingo de festa celebramos, ao termo da súa vida, a súa entrada en Xerusalén, onde morrerá nunha cruz. Nós, agradecidos pola súa entrega e convencidos de que a súa morte é fonte de vida para sempre, aclamámolo gozosos como fixeron aqueles nenos que saíron a recibilo en Xerusalén cos seus ramos e palmas. Unámonos a Cristo nesta semana de Paixón porque quen morre en cruz con Cristo resucitarán.

*(Saímos todos cos ramos, diante a cruz abrindo a procesión-manifestación e un cartel que poña "Bendito o que vén en nome do Señor". Poderíanse levar tamén pequenas pancartas con frases como "querémoste, Xesús", "Hosanna", "Bendito", "Es o noso Rei"…).*

*SACERDOTE: - O Señor Xesús, que se entrega ata a morte para darnos vida, sexa convosco.*

## 2. BENDICIÓN DE RAMOS

**MONICIÓN:** Comezamos esta celebración, bendicindo as palmas e os ramos para conmemorar a Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén. Con ramos e palmas, con cánticos e aclamacións, queremos expresar a nosa actitude de fe, conversión e adhesión a Xesucristo. **Agora bendicimos as palmas e os ramos.**

**BENDICIÓN DOS RAMOS:**

**Oremos.** *Deus e Señor noso, **bendí + estes ramos**, e, a cuantos imos acompañar a Cristo aclamándoo con cantos; concédenos entrar na Xerusalén do ceo guiados por El. Que vive e reina polos séculos dos séculos. (Se rocían con auga bendita os ramos, mentres se canta).*

## 3. SÚPLICAS DE PERDÓN *(Para as misas sen bendición de Ramos nin procesión)*

-Ti, que te puxeches á beira dos abatidos e caídos. Señor, ten piedade de nós.
-Ti, Deus solidario ata dar a túa vida para darnos Vida. Cristo, ten piedadede nós.
-Ti, Deus humilde e sinxelo, que perdoas e salvas a todos. Señor, ten piedade de nós.

## 4. MONICIÓN ÁS LECTURAS




**LECTURAS:** As lecturas deste domingo de Ramos descóbrennos a un Deus envorcado cara á humanidade. Un Deus que camiña á beira dos abatidos e anímaos coa súa palabra. Un Deus que en Xesús se humilla, baléirase, faise "nada" para salvarnos. Un Deus que entrega a vida nunha cruz. Todo por amor

**PAIXÓN DO NOSO SEÑOR XESUCRISTO SEGUNDO SAN LUCAS 23, 1-49** *(Breve).***MONICIÓN: A Paixón de Lucas destaca a misericordia de Deus e o sufrimento de Xesús:** fala da agonía (Xesús seu sangue), as burlas, Xesús ten palabras de perdón para os verdugos e para o bo ladrón. Dicía San Tomé de Aquino, home sabio e lector incansable**: "aprendín máis orando ante o crucifixo que de todos os libros"**. Prestemos agora atención a esta historia de paixón, de misericordia, dese Deus que para salvarnos, dá a súa vida por ti e por min

5. **HOMILÍA Hoxe, domingo de Ramos, aclamamos a Xesús con ramos e cantos, facémoslle un recoñecemento… El non se lle sobe a fama á cabeza, vai nun burriño e dános exemplo de servir coa tenrura da compaixón. Tamén escoitamos a súa paixón e unímonos ás "paixóns" ou sufrimentos que hai ao noso redor.**

## 6. ORACIÓN UNIVERSAL

*Oramos ao Pai, neste comezo da Semana máis grande que o mundo puido vivir: a entrega dun home que deu a súa vida para salvar a toda a humanidade.*

***R. - Pola paixón do teu Fillo, escóitanos**.*

1.- **Pola Iglesia**, para que se entregue día a día, sen medida pola salvación do mundo. Oremos.
2.- **Por todos os que sofren;** para que achegándose á cruz de Cristo, atopen alivio e saída á súa dor. **Oremos.**
3.- **Polas familias** que non atopan a paz; para que ao ver o amor de Cristo entregado, descubran que o amor supón renuncia e entrega. **Oremos.**
4.- **Polos que estamos aquí reunidos**; para que vivamos esta semana Santa en profundidade contemplando a Cristo cos ollos do corazón. **Oremos.**
5.- **Por nós,** para que participemos estes días nas celebracións litúrxicas con devoción, acompañando a Xesús na súa morte. **Oremos.**
6.- Pola paz no mundo, polos que teñen que saír das súas terras, pola reconciliación entre as nacións. **Oremos.**

*Pai, pon na nosa alma sentimentos de misericordia para percorrer, cada un, o noso camiño de salvación xunto ao Señor.*



## 7. OFRENDAS DE RAMOS

**RAMOS:**frecemos os ramos que levamos na procesión cos que queremos dicirlle a Xesús que nós tamén cremos nel e aceptámolo nos nosos corazón como o Mesías salvador. E apoiándoo, axitamos os nosos ramos dicindo GRAZAS POLO TEU AMOR!

**DOUS MADEIROS:** Representando a sorte que lle espera a Xesús, nesta semana de Paixón, queremos traer ata o altar estes dous anacos de madeira: que, entre todos, completemos o que falta á cruz do Señor para que, a súa morte, sexa salvación para todos.

**PAN E VIÑO:** Finalmente, co pan e o viño, damos grazas ao Señor porque, en Xoves Santo, quedará para sempre connosco no altar.

## 8. OFRENDAS XOVES SANTO:

**PAN e XERRA:** Con este gran pan e esta xerra queremos simbolizar o que ti nos deixas neste día: A EUCARISTIA. Simboliza o traballo de tantos homes e mulleres que traballan por vivir, o esforzo de todos os nosos pais que se esforzan por sacarnos adiante. Que nunca, Señor, rompa a unidade das nosas familias, a unidade de nós contigo.

**BANDEXA DE MEDICINAS:** Con esta bandexa de medicinas, vendas e vitaminas, queremos expresar o que hoxe estamos a celebrar e ti pídesnos: a axuda aos demais. Que nunca nos cansemos de servir, de buscar os modos e as maneiras para estar cerca do que sofre.

**COLECTA DE CÁRITAS:** Ademais, e neste día do amor fraterno, levamos ata o teu altar a colecta que temos realizado nesta Eucaristía. Con ela queremos ser solidarios cos que menos teñen.

**PAN E VINO:** Finalmente, Señor, se algo non pode faltar no Xoves Santo, é o Pan e o Vino: levámolos para que Ti, Señor, os bendigas, os fagas teus e pola forza do Espíritu Santo, nunca nos falten no altar. Só entón, Xesús, saberemos que estás presente neles.



# PASIÓN DO NOSO SEÑOR XESUCRISTO SEGUNDO SAN LUCAS 23, 1-49 (CCE-Breve)




C. Naquel tempo, os anciáns, os príncipes dos sacerdotes e os escribas, conduciron a Xesús perante Pilato.

*Non atopo delito ningún neste home*

C. Alí empezárono a acusar, dicindo:
S. — Atopamos a este revolucionando o pobo, impedíndolle pagar o tributo ao César, e declarándose ademais Mesías e rei.
C. Pilato preguntoulle:
S. — Es ti o rei dos xudeus?
C. Respondeulle:
+ —Ti o dis.
C. Entón díxolles Pilato aos sumos sacerdotes e mais á xente:
S. — Eu non atopo delito ningún neste home.
C. Pero eles teimaban dicindo:
S. — Anda encirrando a xente, ensinando por toda Xudea, desde Galilea ata aquí.
C. Oíndo aquilo, Pilato preguntou se aquel home era galileo. Ao saber que pertencía á xurisdición de Herodes, remitiullo a el, que casualmente estaba por aqueles días en Xerusalén.

*Herodes e mais os seus soldados aldraxárono*

C. Herodes, ao ver a Xesús, alegrouse moito, porque había tempo que o quería ver, polo moito que tiña oído falar del; de por parte esperaba ver algún milagre. Fíxolle moitas preguntas, pero Xesús non dixo palabra. Tamén estaban alí os sumos sacerdotes e mais os letrados acusándoo con teimosía. Herodes e mais os seus soldados aldraxárono, e, para faceren riso del, vestírono cunha roupa fachendosa; e despois Herodes mandoullo de volta a Pilato. E desde aquel día Herodes e Pilato, que se levaban moi mal, quedaron amigos.

*Pilato entregoulles a Xesús ao seu antollo*

C. Pilato convocou os sumos sacerdotes, os xefes e mais o pobo e díxolles:
S. — Trouxéstesme este home coma se fose un revolucionario; pero eu, despois de o interrogar diante de vós, non atopei nel ningún delito deses dos que o acusades; nin tampouco Herodes, que nolo devolveu. Nada que mereza a morte cometeu; así que lle vou pór un escarmento, e despois vouno soltar.
C. Pero todos empezaron a berrar, dicindo:
S. — Fóra ese, solta a Barrabás!
C. Este estaba na cadea por unha revolta con asasinato, ocorrido na cidade.
Pilato volveulles falar, pois quería librar a Xesús. Pero eles berraban:
S. — Crucifícao, crucifícao!
C. Pilato replicou por terceira vez:
S. — Pero que mal fixo? Ningún delito de morte atopei nel. Dareille un escarmento e soltareino.
C. Pero eles porfiaban a berros e pedían a crucifixión, facendo cada vez máis algareo. Por fin Pilato sentenciou tal como eles querían. Soltou o que reclamaban —o encadeado por revolta e asasinato—, e a Xesús entregóullelo ao seu antollo.

*Fillas de Xerusalén, non choredes por min*

C. Cando o levaban, botaron man dun certo Simón de Cirene, que viña da leira, e cargáronlle a cruz, para que a levase detrás de Xesús. Ía tras deles unha chea de xente e mulleres batendo no peito e laiándose por el. Xesús, volvéndose a elas, díxolles:
+ — Fillas de Xerusalén, non choredes por min: chorade máis ben por vós e polos vosos fillos. Porque, mirade, veñen días nos que se dirá: "Afortunadas as estériles, os ventres que non xeraron e os peitos que non criaron". E pediranlles aos montes: Caede enriba de nós!, e aos outeiros: Tapádenos. Porque se isto fan coa árbore verde, que lle pasará á seca?
C. Levaban con el tamén a outros dous bandidos, para executalos.

*Meu Pai, perdóaos que eles non saben o que fan*

C. E cando chegaron ao lugar chamado "A Caveira", crucificárono alí; e con el os dous bandidos: un á dereita e outro á esquerda del.
Xesús dicía:
+ — Meu Pai, perdóaos que eles non saben o que fan.
C. E, botando á sorte, repartiron a roupa del.

*Este é o rei dos xudeus*

C. A xente estaba a mirar, e os xefes moqueábanse del, dicindo:
S. — A outros salvounos. Pois que se salve agora el, se é o Mesías de Deus, o Elixido.
C. Tamén os soldados se burlaban del, e achegándose ofrecíanlle vinagre, dicindo:
S. —Se ti es o rei dos xudeus, sálvate a ti mesmo.
C. E había un letreiro enriba del: "Este é o rei dos xudeus".

*Hoxe estarás comigo no paraíso*

C. Un dos bandidos que estaban crucificados, insultábao tamén:
S. — Non es ti o Mesías? Pois sálvate ti e sálvanos a nós.
C. Pero contestoulle o outro, reprendéndoo:
S. — Seica non temes a Deus, ti que sofres a mesma condena ca el? Nós, polo menos, recibimos o que merecemos, pero este non fixo mal ningún.
C. E dicíalle:
S — Xesús, lémbrate de min cando volvas coma rei.
C. Xesús respondeulle:
+ — Asegúroche que hoxe estarás comigo no paraíso.

*Meu Pai! Nas túas mans entrego o meu espírito*

C. Chegado o mediodía, a escuridade cubriu a terra ata a media tarde, pois houbo unha eclipse de sol. E o veo do Santuario rachou polo medio. Entón, Xesús pegou un berro moi alto e dixo:
+ — Meu Pai! Nas túas mans entrego o meu espírito.
C. E dicindo isto, morreu.

*(Todos se axeonllan, e faise unha pausa)*

O centurión, vendo o que sucedera, glorificou a Deus, dicindo:
S. — Realmente este home era inocente.

C. E toda a xente que acudira ao espectáculo, ao ver o que pasaba, volvía batendo no peito. Os seus coñecidos seguían todo de lonxe, e igual as mulleres que o acompañaran desde Galilea.

**Palabra do Señor** **R.: Loámoste, Cristo**

*(**Cronista**=narrador-**Sanedrín**=os personaxes-+=Xesús)*

